

**BOLSAS DE FORMACIÓN DE PERSOAS EXPERTAS EN COOPERACIÓN
INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO
Orde do 20 de marzo de 2026 (DOG do 01.04.2026)**

AVALIACIÓN PROVISIONAL DOS MÉRITOS

En cumprimento do disposto na base décima, apartados primeiro e segundo da Orde do 20 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede a súa convocatoria para o ano 2026, unha vez finalizado o proceso de avaliación dos méritos das persoas solicitantes, a comisión de valoración fai pública, como anexo a esta resolución, na páxina web <https://cooperacion.xunta.gal/> a listaxe de puntuacións provisionais, por orde de puntuación, abríndose un prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte á data de publicación desta listaxe, para a realización de reclamacións e consultas sobre ela.

As reclamacións ou consultas remitiranse necesariamente por correo electrónico á secretaría da comisión avaliadora, ao seguinte enderezo: cooperacion.exterior@xunta.gal

No prazo de reclamacións non se terá en conta a achega de novos méritos que non sexan os acreditados documentalmente no prazo de presentación de solicitudes.

A data límite para o envío das reclamacións sobre a listaxe provisional é o luns 1 de xuño de 2026.

De acordo co disposto no apartado terceiro da dita base décima da Orde de convocatoria, logo de resolverse as reclamacións, publicarase na páxina web a listaxe definitiva coa puntuación obtida na primeira fase e convocaranse aos aspirantes a unha entrevista persoal, indicando a data e a hora de realización dela.

O día e hora das entrevistas serán fixadas no momento da publicación da listaxe definitiva de valoración dos méritos das persoas aspirantes.

Documento asinado electronicamente

A presidenta da comisión de valoración

M^a Eugenia Paz Costoya

